

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 6 de xuño de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2018/19.*

BDNS (Identif.): 404089.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdns-trans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Os centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia, agás os centros concertados específicos de educación especial e os centros ordinarios con unidades concertadas de educación especial.

Segundo. *Obxecto*

As axudas teñen como obxecto atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nas correspondentes unidades concertadas, entendendo por este aquel alumnado que requira determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade motora, sensorial, intelectual ou trastornos xeneralizados do desenvolvemento e da conduta, naqueles aspectos que non estean xa cubertos polo concerto educativo, ao longo do curso escolar 2018/19.

As axudas poderán empregarse para os fins de contratación de persoal complementario, reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores de contía non superior ao 15 % da axuda, compra de material específico ordinario non inventariable e adquisición de material específico inventariable.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Están aprobadas pola Orde do 6 de xuño de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de



Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2018/19.

Cuarto. *Importe*

As axudas económicas para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria tramitaranse con cargo á partida orzamentaria 10.60.422A.482.3, por unha contía total máxima de 95.845 euros para o período setembro-décembro do ano 2018 e de 191.689 euros para o período xaneiro-agosto de 2019.

Para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, tramítaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.60.422M.482.3, por unha contía total máxima de 4.155 euros para o período setembro-décembro do ano 2018 e de 8.311 euros para o período xaneiro-agosto de 2019.

Ambas as dúas partidas irán destinadas a:

– Contratación de persoal complementario: logopeda, fisioterapeuta, axudante/a técnico/a educativo/a, psicólogo/a, pedagogo/a, traballador/a social, educador/a social, intérprete de lingua de signos e coidador/a.

– Reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores, de contía non superior ao 15 % da axuda.

– Compra de material específico ordinario non inventariable.

A adquisición de material inventariable específico para a atención do alumnado con necesidades de apoio educativo tramítarase con cargo ás partidas orzamentarias:

10.60.422A.780.0, para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria, por unha contía total máxima de 19.169 euros para o período setembro-décembro do ano 2018 e de 38.338 euros para o período xaneiro-agosto de 2019.

10.60.422M.780.0, para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, unha contía total máxima de 831 euros para o período setembro-décembro do ano 2018 e de 1.662 euros para o período xaneiro-agosto de 2019.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: 3qhn4nw2-ndc2-g5x9-bqe7-37pz3slkfpe7

